



4.5.- Ocio e cultura

■ O obxectivo deste capítulo é a análise dos principais indicadores relacionados coa cultura, diferenciando entre magnitudes transversais, que son aquelas que afectan a diferentes sectores culturais, e magnitudes sectoriais ou dominios culturais, analizando dentro destas últimas os bens de interese cultural, libros e publicacións periódicas, artes musicais e escénicas e os medios audiovisuais e interactivos. A consideración de factores fundamentais no eido cultural como os relacionados co ensino ou o uso das tecnoloxías nos fogares analízanse no capítulo da educación e o dedicado ás actividades de I+D.

Tendo en conta os devanditos obxectivos, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o órgano ao que lle corresponden as competencias en materia de fomento da lingua galega, de protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural, o fomento das actividades culturais e do audiovisual e as relacionadas con bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais.

A distribución funcional do orzamento de gastos da Administración Xeral amosa que, dentro da produción de bens públicos de carácter social, o presuposto dedicado a cultura (función 43) ascende en 2014 a 61.073 miles de euros, o que representa o 0,6% do orzamento, porcentaxe similar á recollida nos orzamentos de 2013 e 2015.

Dende un punto de vista normativo é importante salientar a aprobación da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. O seu obxectivo é promover o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas para afondar nos vencellos históricos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa tendo en conta ademais o carácter estratéxico que para Galicia teñen as relacións económicas e sociais no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Asemade, establece que se incorporará progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa no ámbito das competencias en linguas estranxeiras nos centros de ensino de Galicia.



Emprego cultural nas CC.AA. 2008-14 ⁽¹⁾

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Andalucía	65,4	68,4	52,8	49,4	45,8	49,0	58,2
Aragón	13,1	14,2	13,5	13,6	9,6	9,2	12,4
Asturias	9,2	9,7	8,5	7,2	8,4	7,6	7,9
Baleares	13,9	13,2	12,3	9,8	10,0	13,2	13,2
Canarias	21,2	16,6	16,9	15,6	14,2	12,9	15,0
Castela - A Mancha	13,8	15,3	14,9	13,1	12,0	13,7	14,8
Castela e León	21,0	22,2	24,9	19,6	17,7	17,2	17,7
Cataluña	126,1	117,7	126,1	126,1	105,1	117,0	122,0
Comunidade Valenciana	55,6	48,8	46,7	42,0	43,4	42,0	41,9
Galicia	26,6	33,2	30,6	24,2	21,4	24,3	27,6
Madrid	137,9	119,1	97,3	116,7	132,7	125,5	127,9
Murcia	11,2	10,4	10,5	6,7	9,4	9,7	9,3
Navarra	9,2	7,3	8,1	9,9	7,6	6,7	7,8
País Vasco	25,2	25,9	25,5	29,1	28,1	22,8	22,7
Cantabria, Extremadura, A Rioxa, Ceuta e Melilla	14,1	15,0	14,7	15,8	13,6	14,5	13,4
Total	562,0	537,0	503,7	481,7	478,8	485,3	511,8

(1) ocupados de máis de 16 anos que desenvolven ocupacións culturais, considerando éstas como aquelas actividades profesionais cunha dimensión cultural como por exemplo escritores, artistas, arquivistas, bibliotecarios, actividades de edición, cinematográficas, de vídeo, radio, tv, actividades artísticas e de espectáculos e outras, con independencia da actividade principal do empregador

Fonte: Ministerio de Educación. Cultura y Deporte. Empleo cultural

4.5.1.

Indicadores transversais

As magnitudes transversais fan referencia a todos aqueles indicadores que afecten a diferentes sectores ou actividades culturais: emprego, sector empresarial, financiamento e gasto público en cultura, gasto e consumo cultural nos fogares, propiedade intelectual e turismo cultural.

● Emprego cultural

Os datos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte reflicten que o número de persoas ocupadas en actividades cunha dimensión cultural en 2014 situouse en 27.600 ocupados, o que representa o 5,4% do emprego cultural no conxunto do Estado. En termos absolutos, **cadro 4.5.1.**, Galicia sería a quinta comunidade con maior número de persoas empregadas en actividades culturais, tras Madrid (127.900), Cataluña (122.700), Andalucía (58.200) e a Comunidade Valenciana (41.900).

En comparación co ano anterior, a ocupación neste sector medra en Galicia un 13,6%

(3.300 persoas máis), sendo esta porcentaxe oito puntos superior á do conxunto do Estado. En termos absolutos, tan só Andalucía e Cataluña presentan incrementos superiores, con 9.200 e 5.000 ocupados máis, respectivamente.

● Empresas culturais

Considéranse empresas culturais aquelas cuxa principal actividade económica atópase relacionada co ámbito da cultura, actividades vinculadas a bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais, actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión así como as artísticas e de espectáculos, entre outras. Galicia contaba no ano 2013 cun total de 5.825 empresas, unha menos que no ano anterior, o que supón o 5,4% das empresas culturais españolas. Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase novamente como a sexta Comunidade con maior número de empresas, por detrás de Madrid (22,7%), Cataluña (20,1%), Andalucía (12,6%), C. Valenciana (9,4%) e País Vasco (5,7%).





Empresas culturais nas CC.AA. 2013: distribución segundo actividade económica principal

	2012		2013	
	Galicia	España	Galicia	España
Total empresas	5.826	110.619	5.825	108.556
En determinadas actividades da industria e dos servizos	4.043	84.151	4.102	82.833
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras	180	4.257	198	4.546
Edición de libros, xornais e outras activ. edit.	357	8.469	369	8.326
Cinematografía, video, radio, tv, e outras activ. de edic. musical	387	9.486	378	9.123
Axencias de novas	2	127	1	118
Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos	1.412	27.189	1.473	27.482
Fotografía	543	9.434	550	9.041
Actividades de traducción e interpretación			334	7.778
Artes gráficas e reprod. de soportes grabados	750	15.600	719	14.805
Fabricac. de soportes, aparatos de imaxe e son e instr. musicais	26	312	20	306
Educación cultural			60	1.308
En determinadas actividades do comercio e aluguer	1.783	26.468	1.723	25.723

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.2.

Gasto público liquidado en cultura en Galicia e España 2011-12

		2011		2012	
		Galicia	España	Galicia	España
Total	(en miles de euros)	94.240	1.482.593	97.184	1.273.763
gasto / gasto liquidado total	(%)	0,99	0,85	1,01	0,70
gasto / PIB		0,17	0,14	0,18	0,12
gasto / habitante	(en euros)	34,00	31,80	35,10	27,20
actividades					
Bens e servizos culturais		22.564	524.967	20.805	430.757
Artes plásticas, escénicas e musicais		300	352.011	-	304.994
Libro e audiovisual	(en miles de euros)	5.526	89.648	13.887	86.341
Interdisciplinar e non distribuído		65.850	515.967	62.492	451.671

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de financiación y gasto público en cultura*

4.5.3.

No que ás actividades da industria e servizos se refire, que abrangue o 70,4% das empresas culturais en Galicia, seis puntos menos que no conxunto do Estado, cómpre mencionar as actividades de “deseño, creación artística e de espectáculos”, que representan a cuarta parte das empresas culturais en Galicia e no Estado, así como as actividades de “artes gráficas e reprodución de soportes gravados”, que supoñen o 12,3% das empresas culturais galegas (13,6% en España).

• Financiamento e gasto público en cultura

Enténdese por gasto público en cultura o gasto consolidado liquidado destinado a cultura, na súa fase de obrigas recoñecidas,

polo que a natureza do financiador e non a do receptor é a que determina o carácter público ou privado do gasto.

O gasto liquidado en cultura realizado pola Administración autonómica galega ascendeu no ano 2012, último dispoñible, a 97,2 millóns de euros, o que indica un incremento do 3,1% en relación ao ano anterior (2,9 millóns de euros máis), acadando o 0,18% do PIB e o 1,01% do gasto orzamentario liquidado total. Como reflicte o **cadro 4.5.3.**, esta medra ven explicada pola evolución do gasto en “Libro e audiovisual”, que acada os 13,9 millóns de euros, 8,3 millóns máis que no ano precedente.

A diferenza do acontecido no conxunto do



Consumo cultural nos fogares en Galicia e España 2012-13

		2012		2013	
		Galicia	España	Galicia	España
Total		684,7	13.367,0	603,0	12.261,7
libros e publicacións periódicas		135,6	2.208,8	117,3	1.941,0
servizos culturais	(en millóns de euros)	206,3	4.181,4	177,1	4.117,8
equipos e accesorios audiovisuais, fotográficos e cinematográficos		90,1	1.665,8	68,9	1.309,1
equipos e accesorios de tratamento de información e Internet		214,1	4.306,1	198,7	4.071,6
outros bens e servizos		38,6	1.004,9	41,0	822,2
gasto / habitante		249,50	288,50	220,80	265,70
gasto / fogar	(en euros)	644,90	738,80	563,30	673,30

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.4.

Estado, Galicia presenta unha medra do seu gasto por habitante, que se sitúa en 35,10 euros (34,00 euros no ano anterior), case oito euros máis por habitante que en España.

● Gasto e consumo cultural nos fogares

Tal e como amosa o **cadro 4.5.4.**, o gasto cultural nos fogares galegos continuou a súa contracción no ano 2013, último dato dispoñible, acadando un total de 603 millóns de euros, un 11,9% inferior ao realizado no ano anterior. O principal destino deste gasto é o consumo de servizos culturais e a compra de equipos e accesorios de tratamento de información e internet, co 33% e o 29,4% do gasto total, respectivamente, seguido polo gasto en libros e publicacións periódicas, que representan case o 20%.

En termos relativos, o gasto medio por fogar en cultura situouse no ano 2013 en 563,30 euros, 110 euros menos que a media estatal. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, este importe sitúa a Galicia como unha das CC.AA. con menor gasto por fogar, tan só por diante de Extremadura (469,00 euros), Castela-A Mancha (539,80 euros), Murcia (544,30 euros) e Castela e León (549,60 euros), ademais de Ceuta e Melilla (537,30 euros). En termos per cápita, o gasto medio situouse en 220,80 euros por persoa (265,70 de media en España), situándose igualmente como a sexta Comunidade Autónoma con menor gasto,

tras Extremadura (185,30 euros), Murcia (197,10 euros), Castela-A Mancha (206,10 euros) e Andalucía (212,60 euros), ademais de Ceuta e Melilla (162,80 euros).

● Propiedade intelectual

Defínese como propiedade intelectual o conxunto de dereitos que corresponden aos autores e outros titulares respecto ás obras e prestacións froito da súa creación. No ano 2013 continúa o descenso das primeiras inscricións de dereitos de propiedade industrial realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual, se ben o descenso é inferior ao do conxunto do Estado. No último ano realizáronse un total de 1.584 inscricións, 69 menos que no ano anterior, aumentando o seu peso relativo no total estatal ata o 8,1%, seis décimas máis que en 2012. O 73% do total das inscricións corresponderon a obras literarias e científicas, seguidas das obras musicais, cinematográficas e audiovisuais, co 18,6% (**cadro 4.5.5.**).

● Turismo cultural

O ano 2013 non foi un bo ano para o turismo cultural en Galicia atendendo tanto ao descenso en torno ao 16% do número de viaxes realizados que tiveron por motivo principal a cultura como da caída do gasto total nun 1,5%. Nese ano realizáronse un total de 783.300 viaxes culturais, o 1,8% do total estatal, o que significa que o 9,2% das viaxes responden a motivos culturais, a me-





Dereitos de propiedade intelectual 2008-13: primeiras inscricións

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Obras literarias e científicas						
Galicia	1.298	1.283	1.254	1.313	1.207	1.157
España	23.328	24.186	20.230	24.540	24.039	20.919
Obras musicais, cinematográficas e audiovisuais						
Galicia	313	300	284	300	255	294
España	6.412	6.307	6.266	6.335	5.611	5.483
Obras artísticas e técnicas						
Galicia	132	117	114	113	106	90
España	2.711	2.965	2.296	2.915	2.178	2.055
Outras						
Galicia	49	56	106	57	85	43
España	743	854	838	1.141	854	846
Total (1)						
Galicia	1.792	1.756	1.758	1.783	1.653	1.584
España	33.194	34.312	29.630	34.931	32.682	29.303

(1) primeiras inscricións realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual; o dato total de España recolle a suma das inscricións no rexistro central e nos rexistros territoriais

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Propiedad intelectual*

4.5.5.

Viaxes por motivos culturais 2012-13: distribución segundo destino

		2012		2013	
		Galicia	España	Galicia	España
Residentes en España					
Viaxes	(en miles)	493,6	11.908,0	350,7	9.919,7
viaxes/poboación			25,4		21,2
viaxes/viaxes de ocio, recreo e vacacións	(%)	12,9	14,0	10,1	12,3
viaxes/total viaxes		6,0	7,4	4,7	6,4
Gasto	(en millóns de euros)	149,9	5.224,2	122,2	4.242,5
gasto medio/viaxe		304,0	439,0	348,0	428,0
gasto medio/habitante	(en euros)		112,0		91,0
viaxes/viaxes de ocio, recreo e vacacións	(%)	24,9	31,5	19,6	25,7
viaxes/total viaxes		12,1	18,0	11,3	15,1
Residentes no estranxeiro					
Viaxes	(en miles)	440,0	30.745,5	432,6	32.622,1
viaxes/viaxes de ocio, recreo e vacacións	(%)	87,1	62,6	89,6	62,2
viaxes/total viaxes		51,1	53,6	51,0	53,9
Gasto	(en millóns de euros)	544,1	31.902,2	561,4	34.994,5
gasto medio/turista	(en euros)	1.236,0	1.038,0	1.298,0	1.073,0
viaxes/viaxes de ocio, recreo e vacacións	(%)	129,3	69,5	118,2	68,7
viaxes/total viaxes		76,8	59,2	76,6	59,2

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.6.

tade do peso medio en España. No caso das viaxes realizadas por residentes españois, esta última porcentaxe é do 4,7% mentres que o 51% das realizadas por turistas internacionais con destino a Galicia tiveron por motivo principal a cultura.

O número de turistas residentes en España que visitaron Galicia por motivos culturais situouse en 350.700, un 29% inferior ao re-

xistrado no ano precedente, reducíndose un 1,7% no caso dos turistas internacionais. A diferenza do acontecido no ano anterior, en 2013 os turistas estranxeiros que chegan a Galicia por motivos culturais (432.600 persoas) supera ao número de turistas residentes en España.

O gasto medio por viaxe realizado por estes turistas culturais sería de 872,7 euros, apro-



Viaxes por motivos culturais de residentes en España 2012-13: distribución segundo a súa orixe

		2012		2013	
		Galicia	España	Galicia	España
Viaxes	(en miles)	435,4	11.908,0	315,2	9.919,7
% sobre poboación		15,7	25,4	11,4	21,2
% sobre viaxes ocio, recreo e vacacións	(%)	12,7	14,0	10,7	12,3
% sobre total viaxes		6,2	7,4	4,8	6,4
Gasto	(en millóns de euros)	168,2	5.224,2	150,0	4.242,5
gasto medio por viaxe		386,0	439,0	476,0	428,0
gasto medio por habitante	(en euros)	61,0	112,0	54,0	91,0
% sobre viaxes ocio, recreo e vacacións	(%)	24,9	31,5	19,6	25,7
% sobre total viaxes		15,9	18,0	15,7	15,1

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.7.

Bens mobles e inmobles inscritos como Bens de Interese Cultural (BIC) en Galicia e España 2012-13

	2012		2013	
	Galicia	España	Galicia	España
Bens Interese Cultural (BIC)	758	30.031	1.263	31.555
Bens inmobles	718	16.559	760	16.795
Monumento	617	13.093	622	13.160
Xardín Histórico	6	90	6	91
Conxunto histórico	50	954	50	955
Sitio histórico	32	338	68	391
Zona arqueolóxica	13	2.084	14	2.198
Bens mobles	40	13.472	503	14.760

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.8.

ximadamente cincuenta euros menos que a media estatal. No caso dos residentes españois, o gasto medio sitúase en 348 euros, case un 19% inferior a media do Estado, e de 1.262 euros no caso dos turistas internacionais, un 20% superior ao gasto medio en España.

No caso dos turistas galegos residentes en España, **cadro 4.5.7.**, realizaron viaxes por motivos culturais un total de 315.200 persoas, 120.200 menos que no ano anterior segundo os datos recollidos polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte no seu anuario de estatística de 2014, o que representa o 10,7% das viaxes de ocio, recreo e vacacións e o 4,8% das viaxes totais (12,3% e 6,4%, respectivamente, no conxunto do Estado). O gasto descendeu un 10,8% en relación ao ano anterior, oito puntos menos que no conxunto do Estado, si-

tuándose en 150.000 euros. Este importe representa case o 20% do gasto en viaxes de ocio, recreo e vacacións, e case o 16% do gasto total en viaxes (27,7% e 15,1%, respectivamente, en España).

Dominios culturais

A análise dos dominios culturais céntrase nas magnitudes sectoriais concretas, sendo obxecto de estudo neste apartado os bens de interese cultural, a actividade da edición de libros e publicacións periódicas, as artes escénicas e musicais e, finalmente, os medios audiovisuais e interactivos.

• Bens de interese cultural

Forman parte do patrimonio cultural de Galicia todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio,





Producción editorial nas CC.AA. 2013-14: títulos

	Total		Libros		Folletos	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
Andalucía	6.247	6.129	5.941	5.767	306	362
Aragón	1.025	1.376	839	1.178	186	198
Asturias	808	882	696	802	112	80
Baleares	717	602	658	517	59	85
Canarias	795	748	737	673	58	75
Cantabria	391	422	336	379	55	43
Castela e León	1.779	1.699	1.529	1.507	250	192
Castela - A Mancha	771	868	695	772	76	96
Cataluña	16.086	16.079	13.907	13.815	2.179	2.264
C. Valenciana	3.230	3.178	2.914	2.887	316	291
Extremadura	776	602	730	536	46	66
Galicia	1.869	2.295	1.514	2.001	355	294
A Coruña	1.036	1.347	898	1.210	138	137
Lugo	68	77	58	68	10	9
Ourense	81	96	61	72	20	24
Pontevedra	684	775	497	651	187	124
Madrid	18.195	17.474	15.219	14.796	2.976	2.678
Murcia	599	673	547	603	52	70
Navarra	1.116	820	1.018	747	98	73
País Vasco	1.772	1.895	1.499	1.539	273	356
Rioxa	216	244	182	199	34	45
Ceuta e Melilla	43	44	40	37	3	7
Total	56.435	56.030	49.001	48.755	7.434	7.275

Fonte: INE. *Producción editorial de libros*

4.5.9.

deban ser considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Os máis sobranceiros deles son recoñecidos como Bens de Interese Cultural (BIC), que se clasifican en bens mobles ou bens inmoables.

Os bens mobles poderán selo de forma individual ou ben como colección, e a súa declaración atenderá ás seguintes clases: monumento, conxunto e sitio histórico, xardín histórico e zona arqueolóxica. No ano 2013 continúa a tendencia á alza na inscrición de bens inmoables calificados como BIC en Galicia, que se sitúa en 760 (o 4,5% do total estatal) fronte aos 718 do ano anterior. Atendendo á desagregación segundo tipo de ben, cómpre mencionar os sitios históricos, que representan máis do 17% dos sitios históricos españois e se mantén como os bens que experimentan un maior incremento en relación ao ano anterior.

O número de bens mobles inscritos en Galicia no ano 2013 ascendeu a 503, o que re-

presenta o 3,4% do total estatal. Deste total 93 corresponden a BIC declarados e 410 a BIC incoados.

• Libro e publicacións periódicas

A diferenza do acontecido no conxunto do Estado, a produción editorial en Galicia racha en 2014 a tendencia descendente dos últimos anos. No último ano editáronse en Galicia un total de 2.285 títulos, un 22,8% máis que no ano anterior, polo que, dado o descenso do 0,7% experimentado en España, o seu peso relativo aumenta ata o 4,1% dos títulos publicados, oito décimas superior ao de 2013.

Ao longo do ano 2014 aumenta igualmente a produción editorial en galego en relación aos títulos publicados no ano anterior, acadando os 860 títulos (o 1,5% dos títulos publicados no conxunto do Estado), un 16,4% superior ao rexistrado no ano precedente. Non obstante, cómpre mencionar que a pesar deste importante crecemento,



Producción editorial en España 2013-14: títulos publicados segundo idioma

	2013	2014	14/13
			(%)
Total	56.435	56.030	-0,7
Castelán	45.219	43.548	-3,7
Catalán, valenciano e balear	5.516	5.966	8,2
Galego	739	860	16,4
Euskera	742	780	5,1
Outros idiomas ou dialectos nacionais	56	52	-7,1
Alemán	85	89	4,7
Francés	316	327	3,5
Inglés	1.442	1.503	4,2
Outros idiomas estranxeiros	326	356	9,2
En dous ou máis idiomas, nacionais ou estranxeiros	1.994	2.549	27,8

Fonte: INE, *Producción Editorial de Libros*

4.5.10.

Tirada e difusión da prensa diaria 2013-14: cabeceiras controladas pola OJD

Medio	2013		2014	
	Promedio tirada	Promedio difusión	Promedio tirada	Promedio difusión
Atlántico Diario	4.824	3.572	4.129	3.105
Diario de Pontevedra	7.341	6.050	6.657	5.715
Faro de Vigo	39.359	33.336	36.576	31.016
La Opinión A Coruña	6.524	4.814	6.392	4.590
El Progreso Lugo	16.423	14.008	15.348	13.228
La Voz de Galicia	92.631	81.282	90.224	78.414

(1) período controlado: xullo 2013 a xuño 2014

Fonte: Oficina de Justificación de la Difusión

4.5.11.

a produción editorial en galego do último ano sitúase como a segunda máis reducida dende 1999. Da produción editorial total en España (56.030 títulos publicados), o **cadro 4.5.10.** reflicte que se editan en castelán o 77,7% dos títulos, un 10,6% en catalán, valenciano e balear e un 1,4% en euskera.

Respecto á prensa escrita, os datos da Oficina de Justificación de la Difusión amosan que os principais xornais galegos con cabeceiras controladas pola OJD continúan reduciendo a súa tirada media en relación ao período anterior. Entre xullo de 2013 e xuño de 2014, a tirada media está en torno aos 26.500 exemplares (27.900 no mesmo período do ano anterior), cun promedio de difusión de 22.700 exemplares (23.800 no período anterior). O diario con maior tirada en Galicia no citado período é *La Voz de Galicia*,

que acada de promedio 90.224 exemplares diarios e a súa difusión chega ata os 78.414 exemplares. O segundo diario galego en importancia é o *Faro de Vigo*, cunha tirada de 36.576 exemplares e unha difusión de 31.016 exemplares (**cadro 4.5.11.**).

• Artes escénicas e musicais

Os **cadros 4.5.12.** e **4.5.13.** mostran a evolución dos principais indicadores das artes escénicas e musicais en Galicia e España. Con carácter xeral, os datos recollidos no devandito **cadro 4.5.12.** indican que o ano 2013 non foi un bo ano no que atinxe ás obras musicais e espazos escénicos en comparación co ano anterior, tendo en conta tanto o descenso do número de editores con actividade nas artes musicais como das obras inscritas, que se sitúan en cinco e dez,





Artes escénicas e musicais en Galicia e España 2009-13

	2009		2012		2013	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Obras musicais						
Editores	1	78	8	81	5	76
Obras inscritas (1)	1	1.114	24	2.191	10	1.199
en galego	1		8		6	
Espazos escénicos						
Número	89	1.518	90	1.605	86	1.490
Espazos / 100.000 hab.	3,2	3,3	3,2	3,4	3,1	3,2
Salas concertos						
Salas	26	481	27	508	27	515
Salas / 100.000 hab.	0,9	1,0	1,0	1,1	1,0	1,1
Compañías						
Teatro	267	3.722	221	3.261	213	3.227
Danza	75	803	83	889	85	913
Festivales						
Teatro			49	634	46	656
Danza			15	306	15	308

(1) Inscritas en el ISMN

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.12.

Espectadores e recadación nas artes escénicas en Galicia e España 2012-13

		2012		2013	
		Galicia	España	Galicia	España
Representacións					
obras teatrais		1.506	50.833	1.495	48.610
xénero lírico		14	1.314	22	1.233
danza		91	2.633	77	2.354
concertos música clásica		1.221	15.017	1.172	14.522
concertos música popular		5.206	116.446	4.506	103.208
Espectadores					
obras teatrais		397	11.534	355	11.161
xénero lírico	(en miles)	10	805	13	738
danza		41	1.066	35	954
concertos música clásica		251	4.733	238	4.538
concertos música popular		1.183	24.382	1.014	21.334
Recadación					
obras teatrais		2.368	172.163	2.364	168.655
xénero lírico	(en miles de euros)	101	25.533	119	22.874
danza		241	10.326	205	9.243
concertos música clásica		712	38.305	683	37.480
concertos música popular		6.630	135.714	5.491	114.778
Gasto medio espectador					
obras teatrais		6,0	14,9	6,7	15,1
xénero lírico	(euros)	9,9	31,7	9,0	31,0
danza		5,9	9,7	5,9	9,7
concertos música clásica		2,8	8,1	2,9	8,3
concertos música popular		5,6	5,6	5,4	5,4

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.13.

respectivamente, fronte ás oito e vinte e catro do ano anterior. Asemade, é importante reflectir que se inscribiron seis obras en galego, dúas menos que no ano anterior.


No concernente ás artes escénicas e salas de concertos, Galicia presenta uns niveis similares aos do conxunto do Estado, rexis-trándose 3,1 espazos escénicos por cada

cen mil habitantes e 1,0 salas de concertos por cada cen mil habitantes.

O número de representacións, así como o de espectadores e a recadación obtida polas artes escénicas redúcese con carácter xeral nas distintas disciplinas recollidas no **cadro 4.5.13**. Tan só os indicadores relativos ao xénero lírico presentan en Galicia un mellor



Cines e salas de exhibición en Galicia e España 2005-13



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.14.

comportamento que en 2012. Con carácter xeral, a Comunidade Autónoma amosa un peso relativo sensiblemente inferior ao seu peso poboacional no caso das representacións e o número de espectadores. Salienta o caso do xénero lírico, que representa tan só o 1,8% do total estatal, ou as obras teatrais, cunha importancia relativa lixeiramente por riba do 3%. Este diferencial agrávase se se ten en conta a recadación obtida, xa que na C.A. ta só se recada o 1,4% do total estatal no caso das obras teatrais ou o 0,5% no xénero lírico.

Tal e como se reflicte no devandito **cadro 4.5.13.**, o gasto medio por espectador en Galicia está moi por baixo da media española, especialmente no caso do xénero lírico, con 9,0 euros (o 29% do gasto en España), no representacións de música clásica, con 2,9 euros (o 35% da media española), ou das obras teatrais, con 6,7 euros, que supón o 44% da media de España.

En canto á oferta cultural, cabe destacar que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), xunto aos concellos e entidades privadas, xestiona tres importantes canles de distribución escénica e musical co ob-

xecto de garantir a estabilidade na programación de espectáculos e concertos de factura galega por todo o territorio da comunidade. Estas tres canles de distribución son a Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Salas e a Rede Galega de Música ao Vivo. Asemade, hai que destacar o seu labor de produción, programación e formación continua que leva a cabo a través do Centro Dramático Galego, o Centro Coreográfico Galego e o Centro Galego de Artes da Imaxe.

• Medios audiovisuais e interactivos: cine, TV, radio


No que á actividade cinematográfica se refire, Galicia contaba no ano 2013 (último ano dispoñible) cun total de 18 empresas produtoras con actividade, unha menos que no ano anterior. En relación ao resto do Estado, a Comunidade Autónoma acolle o 6,7% das produtoras españolas, porcentaxe que a sitúa tan só por detrás de Madrid e Cataluña, que acollen o 63,2% das empresas, e Andalucía, co 7,5%.

O número de salas de exhibición descende lixeiramente en Galicia, situándose nas 184 salas, seis menos que no ano anterior, o que





Espectadores no cine en Galicia e España 2005-13: distribución segundo nacionalidade do film




(1) en millóns de persoas

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura v Deporte. *Estadística de cinematografía*

4.5.15.

Recadación dos cines en Galicia 2007-13: distribución segundo nacionalidade do film



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.16.



Ranking de emisoras de radio xeralista no EGM 2013-14 ⁽¹⁾

	2013		2014	
	oíntes / día (en miles)	share (%)	oíntes / día (en miles)	share (%)
Ser	4.491	35,5	4.447	35,7
Onda Cero	2.354	19,5	2.369	19,0
COPE	1.859	13,1	1.891	13,6
RNE	1.280	8,5	1.249	8,9
Rac 1	644	5,5	700	5,8
Catalunya Radio	570	3,5	571	3,4
Canal Sur Radio	355	2,5	348	2,4
EsRadio	247	1,8	312	2,4
Radio Euskadi	183	1,2	172	1,1
Radio Galega	176	1,2	144	1,0
Euskadi Irratia	70	0,6	85	0,6

(1) febreiro-novembro

Fonte: AIMC, *Estudio general de medios*

■ 4.5.17.

representa o 4,7% das salas de proxección españolas. En comparación co resto das CC.AA., Galicia presenta unha das rateos per cápita máis reducida, con 6,7 salas por cada cen mil habitantes, tan só por diante de Cantabria (5,6 salas), Ceuta e Melilla (4,8) e Extremadura (4,6 salas).

O número de películas exhibidas volve a aumentar en 2013, acadando as 454 longamextras, 22 máis que no ano anterior. A pesar desta medra, no último ano descende o seu peso relativo no total estatal, que se sitúa no 27,9% das películas exhibidas en España, 1,2 puntos porcentuais menos que en 2012.

Dende a óptica da demanda, a asistencia a salas de exhibición de cine experimentou no ano 2013 (último dato dispoñible) unha forte redución. Nese ano, o número de espectadores acadou os tres millóns de persoas, 800.000 menos que en 2012, o que representa o 3,8% do total estatal. En termos relativos, o número de espectadores por sala en Galicia descende ata as 16.413 persoas (3.373 menos que no ano precedente) e a asistencia media por habitante a 1,1, que a sitúa tan só por diante de Extremadura e Castela-A Mancha.

O devandito descenso de espectadores leva

a unha considerable redución da recadación, que se sitúa nos 19,8 millóns de euros, case un 20% menos que no ano anterior (-17,6% en España). En termos relativos, o gasto medio por espectador mantense en Galicia nos 6,60 euros, o que a sitúa como a terceira Comunidade Autónoma co gasto máis elevado, tras Madrid (7,20 euros) e Cataluña (6,80 euros). Por contra, o gasto medio por habitante descende ata os 7,20 euros (8,90 euros no ano anterior) o que a converte na terceira Comunidade co menor gasto, tras Extremadura (4,50 euros) e Castela-A Mancha (5,80 euros).

Finalmente, en relación á televisión e á radio, no ranking de emisoras de radio xeralista do Estudio General de Medios (EGM), a Radio Galega sitúase no décimo posto, con 144.000 oíntes por día (32.000 menos que no mesmo período do ano anterior), o que significa un *share* do 1%, dúas décimas menos que en 2013 (**cadro 4.5.17.**).

No que respecta ás cadeas de televisión, ao igual que no ano anterior a TVG sitúase no noveno posto da clasificación do EGM, mantendo unha cota de *share* do 0,7%. □





